

Tempada 2021

# PLAN GALEGO DE TECNIFICACIÓN ATLÉTICA 2021

## PGTA 2021



Federación Galega de Atletismo  
FGA



# ÍNDICE XERAL

1. Introdución.....	5
2. Obxectivos do PGTA .....	10
3. Categorías integradas no PGTA.....	11
4. O persoal do PGTA.....	11
5. As estruturas funcionais do PGTA.....	12
● Os Núcleos de Iniciación Básica Atlética (NUBA) .....	13
● Os Núcleos de Tecnificación Atlética (NUTA).....	14
● Os Núcleos Sectoriais Especializados (NUSE).....	15
● Os Núcleos de Adestramento Deportivo Especializado (NADE)...	17
● Os Centros de Alto Nivel (CAN).....	19
● O Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTDP).....	20
6. Criterios de selección dos atletas incluídos no PGTA.....	21
7. Actividades asociadas ao Plan Galego de Tecnificación Atlética.....	21
● Os adestramentos cotiáns.....	21
● As xornadas técnicas.....	22
● O seguimento médico.....	22
● O seguimento psicolóxico.....	23
● Axudas para costear residencias ou manutención.....	24
● Posta a disposición dos núcleos a tecnoloxía da FGA.....	24
● A permanente detección e captación de atletas con talento....	24
8. Beneficios para os estamentos integrantes do PGTA.....	28
9. Baixas do Plan Galego de Tecnificación Atlética.....	29
10. Atletas galegos de alto nivel.....	29
11. Criterios de calidade.....	30
12. Cronograma de actividades previstas.....	30
Resumo esquemático.....	30
 <b>ANEXO I:</b> Modelo de solicitude para o recoñecemento dun NUBA	31
<b>ANEXO II:</b> Modelo de solicitude para o recoñecemento dun NUTA	32
<b>ANEXO III:</b> Modelo de solicitude para o recoñecemento dun NUSA	33
<b>ANEXO IV:</b> Modelo de solicitude de axudas para os NUBA e NUTA.	34
<b>ANEXO V:</b> Modelo de solicitude de axudas para os NUSA	35
<b>ANEXO VI:</b> Modelo de solicitude de axudas para DGAN	36

## 1. Introdución

### O marco conceptual

A concepción tradicional, defendida polo Consello Superior de Deportes sobre a tecnificación no deporte, refírese ao proceso dirixido ao perfeccionamento integrado por diferentes etapas na vida dun deportista, dende a súa detección como talento deportivo ata situarse no Alto Rendemento.

Pero, neste percorrido, tanto en deportes individuais como colectivos, a tecnificación implica unha noción que supera ao mero coñecemento do feito deportivo o do adestramento dos atletas, para situar aos técnicos deportivos como elementos nucleares e dinamizadores deste proceso. Por elo, o feito de facilitar o coñecemento científico dos mesmos favorecendo a incorporación de soportes técnicos e tecnolóxicos, supón unha necesidade en calquera sistema deportivo que redundará na formación dos deportistas.

O termo “tecnificación”, segundo o Dicionario da Real Academia da Lingua Española, refírese á “acción e efecto de tecnificar”, polo que a aportación é bastante valeira. Pero se analizamos o que é “tecnificar” atopamos que representa “introducir procedementos técnicos modernos nas ramas de producción que non os empregaban” ou ben “facer algo máis eficiente dende o punto de vista tecnolóxico”. En consecuencia, existen tres eixes nucleares na tecnificación: a técnica deportiva, a ciencia e a tecnoloxía.

Enténdese a técnica deportiva como o “procedemento desenvolto normalmente na práctica para resolver unha tarefa motora determinada da forma más adecuada e económica. A técnica dunha disciplina deportiva correspón dese cun chamado tipo motor ideal, que pese a manter os trazos característicos dos seus movementos, pode experimentar unha modificación en función das circunstancias individuais” Weineck J (2005). *Entrenamiento total*. Barcelona: Paidotribo páx. 501

Entre a ciencia e a tecnoloxía xorde unha relación de simbiosis, en beneficio mutuo, xa que o efecto de ambas actuando conxuntamente supera con creces á suma dos efectos de cada unha delas actuando por separado. No caso da tecnificación deportiva, a introdución da tecnoloxía a través de aparatos e materiais apropiados poden aportar maior coñecemento científico

A tecnificación deportiva implica un desenvolvemento dun proceso sistemático, continuo, planificado e supervisado de xeito racional que pode ser enriquecido pola utilización de aparatos e instrumentos tecnolóxicos capaces de avaliar que todo o proceso, poida fundamentarse no método científico. Dito proceso, cuxa orientación debe conducir a unha maior racionalización e cara ao uso da tecnoloxía, de acordo a uns obxectivos determinados, podemos identificalo como adestramento deportivo.

O presente documento reflicte as bases do Plan Galego de Tecnificación Atlética, no sucesivo PGTA, enmarcado dentro do Plan Estratéxico da FGA 2019-2022, e supón unha parte esencial do programa deportivo da Federación Galega de Atletismo e da súa política no ámbito técnico. O mesmo se fundamenta sobre as etapas de Detección, Selección, Seguimento e Formación dos atletas, así como do respaldo aos adestradores galegos que se integren voluntariamente no mesmo.

## **Os elementos básicos da tecnificación deportiva**

- Os **atletas**, como beneficiarios finais do proceso da tecnificación, a través do adecuado adestramento deportivo con todo o apoio tecnolóxico posible, sobre unha base que denote un mínimo de talento deportivo. Adestrar a un alto número de deportistas non asegura o desenvolvemento preciso da tecnificación. Pero a selección daqueles que posúan maior talento, reducindo o grupo, permite, segundo o modelo selectivo-intensivo (Sánchez Bañuelos,1999), concentrar máis recursos humanos e tecnolóxicos nos atletas, controlando mellor as variables que condicionan o rendemento deportivo. Resulta fundamental considerar no proceso de tecnificación:
  1. A técnica deportiva. No caso do atletismo, con modelos contrastados y cunha ampla gama de especialidades, o que orixina unha enorme riqueza motriz dende probas mais naturais ata as técnicas con moito maior grado de complexidade.
  2. As características biolóxicas, morfolóxicas e cualidades biométricas que poden condicionar, xunto a outras variables de condición física, o rendemento en certas disciplinas atléticas.
  3. As capacidades psicolóxicas que inclúen atención, forza de vontade, concentración, perseverancia... etc
  4. Determinantes sociais, analizando as condicións reais de cada atleta, dende o club de procedencia, pasando polo seu pasado deportivo, instalacións dispoñibles ou grado de dispoñibilidade para desenvolver os adestramentos e competicións.
  5. O estado xeral de saúde do deportista
- Os **adestradores**, cuxa formación, experiencia e dedicación representan unha parte substancial do éxito. O feito illado de facer tests e valoracións tampouco tecnifica por se mesmo, inda que a análise dos datos poden ser moi útiles para controlar o proceso de adestramento. A calidade da formación dos técnicos deportivos permitirá acertar:
  1. Na programación do adestramento deportivo, a curto, medio e largo prazo.
  2. Na valoración das capacidades dos deportistas no proceso de selección.
  3. Nunha mellor saúde para os atletas.
- Os **medios dispoñibles**, en especial a utilización das instalacións apropiadas, pero considerando que o uso da tecnoloxía de forma inadecuada non aporta melloras no proceso de adestramento. Unha vez máis, o factor humano é básico.
- O **equipo multidisciplinar**, que supón unha necesidade poder contar con profesionais que facilitan todo o proceso inmerso na tecnificación, como médicos, psicólogos, biomecánicos, fisioterapeutas ou estatísticos.

## **O procedemento**

Para optimizar este proceso, aparte de adestrar, segundo a evolución do deporte internacional, faise imprescindible detectar, seleccionar e efectuar un seguimento dos nenos e nenas deportistas que protagonicen nun futuro o relevo xeracional das actuais figuras galegas.

## Á procura de atletas galegos con alto talento deportivo

Tal e como establece a Lei 10/1990, de 15 de outubro, do Deporte de España (Artigo 6), considérase ao deporte de alto nivel de interese para o Estado; así mesmo, corresponde á Administración Xeral do Estado, en colaboración coas Comunidades Autónomas, procurar os medios necesarios para a preparación técnica e o apoio científico dos deportistas de alto nivel.

Pola súa banda, a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia nos Principios Xerais, establece no artigo 4, apartado g, *"A promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas e demais entidades con competencia en materia de deporte"*.

Nese sentido, considerando que, algunas das funcións propias que posúe á FGA é a de promover, facilitar, planificar, administrar e dirixir, con carácter exclusivo, a práctica do atletismo na Comunidade Autónoma de Galicia, así como *"colaborar coa administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel"*, confeccionase o presente PGTA. Por elo, unha parte relevante deste PGTA fundamentase sobre o traballo con deportistas que posúen talento atlético.



## Á coordinación de esforzos

O PGTA pone en funcionamento pola necesidade de coordinar esforzos para optimizar o proceso de Detección, Selección, Seguimento e Formación dos atletas galegos que posúen unha alta proxección técnica, física, biolóxica e psicolóxica e que teñen posibilidades de chegar a formar parte das diferentes Seleccións Españolas.

Este programa pretende empregar coa máxima eficacia posible todos aqueles recursos económicos, humanos e de infraestruturas, en especial ás pertencentes á Xunta de Galicia, concellos, deputacións provinciais e universidades públicas galegas, así como das empresas privadas e diferentes estamentos que conforman a Federación Galega de Atletismo, en especial os clubs e adestradores. Esta

coordinación de esforzos e medios planificados redundará nunha mellor atención e seguimento dos atletas, facilitando o seu máximo desenvolvemento deportivo.

### **Atletas, adestradores e clubs: núcleo básico**

A configuración do Núcleo Atlético Básico (NUBA) supón o punto de partida fundamental, unha vez detectados e seleccionados os atletas apropiados para integrar o Plan Galego de Tecnificación, e sempre que se garantan os medios mínimos necesarios para desenvolver con normalidade o seguimento e formación dos mesmos.



### **Un PGTA dinámico, en permanente evolución**

O Plan Galego de Tecnificación Atlética non pretende ser pechado nin estático senón aberto e en continúa evolución. Coa recente aprobación do Decreto de Deportistas Galegos de Alto Nivel (DGAN), o PGTA adaptase á lexislación sobre os centros de alto nivel e núcleos de adestramento deportivo especializado, aprobada pola Xunta de Galicia. Asemade, procura conciliar coa filosofía impulsada a través do Consello Superior de Deportes e da Real Federación Española de Atletismo sobre a *Tecnificación Deportiva*, se ben este proxecto adáptase ás características do Deporte Galego, centrándose exclusivamente en deportistas, clubs e técnicos galegos.

A Xunta Directiva da FGA, previo informe do Comité Técnico, revisará e actualizará periodicamente os aspectos lexislativos do PGTA para optimizar o seu funcionamento, adaptado sempre aos límites orzamentarios dispoñibles deste programa.

### **O PGTA, dentro do Sistema Deportivo Galego**

Dende que no ano 2002 o Consello Superior de Deportes creou o Programa Nacional de Tecnificación Deportiva, coa intención de coordinar esforzos e tamén como resultado de programas anteriores, estableceuse unha clasificación, por Resolución do 17 de xuño de 2002 das instalacións deportivas para o desenvolvemento do deporte de alto nivel, diversificadas en:

- Centros de Alto Rendementos Deportivos (CARD)
- Centros Especializados de Alto Rendimento (CEAR)
- Centros de Tecnificación Deportiva (CTD)
- Centros Especializados de Tecnificación Deportiva (CETD)

Preténdese acadar unha maior eficacia na coordinación entre o Estado e as Comunidades Autónomas. No caso de Galicia, e no que se refire ao atletismo, o Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, cumpre un papel fundamental no proceso de formación dos atletas. Pero o número pequeno de

prazas dispoñibles obriga á FGA a establecer un marco xeográfico na tecnificación atlética galega mais alá do ámbito do CGTD de Pontevedra.

O pasado 29 de setembro de 2020 publicouse no Diario Oficial de Galicia o DECRETO 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia.

Co desenvolvemento por parte da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia do novo Decreto DGAN (Deportistas Galegos de Alto Nivel), ábrese a posibilidade de creación de Centros de Alto Nivel de Atletismo e Núcleos de Adestramento Deportivo Especializado



Diario Oficial de Galicia

---

DOG Núm. 197

Martes, 29 de setembro de 2020

Páx. 37554

---

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

*DECRETO 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia.*

En consecuencia, é absolutamente necesario que o PGTA inclúa na súa estrutura tanto os posibles Centros de Alto Nivel de Atletismo como Núcleos de Adestramento Deportivo Especializado recoñecidos oficialmente pola Xunta de Galicia, coa intención de facilitar a coordinación de esforzos e de complementar cos núcleos que veñen desenvolvéndose no atletismo galego durante os últimos anos.

#### A descentralización do PGTA

Outro aceno de identidade do PGTA é a súa presencia progresiva en todas as comarcas galegas. A distribución demográfica da poboación galega indica que a

suma do número de habitantes das sete cidades más poboadas representa, aproximadamente, só o 36% do total. O resto distribúese por outros concellos más pequenos da rexión, especialmente nas zonas costeiras. Esta fragmentación da poboación galega (313 concellos e multitud de pequenas parroquias, aldeas, lugares), repartidos nos 29.574 km<sup>2</sup>, converten a Galicia nun dos lugares cunha maior densidade de núcleos de poboación. Existe unha porcentaxe maioritaria de habitantes, o 64%, que residen en urbes más pequenas e medio rural e que teñen máis dificultades para a práctica do atletismo, en especial nas disciplinas más técnicas, debido á gran dispersión da súa poboación.

Ante esta realidade, o PGTA pretende implantarse en toda a xeografía galega.

A inmensa maioría dos atletas que integren o PGTA residirán nos seus domicilios particulares. Outros, estarán vinculados ao Centro Galego de Tecnificación



Deportiva de Pontevedra (CGTD) en calidade de bolseiros (internos ou externos). Asemade o PGTA contempla a posibilidade de gozar de axudas de manutención en residencias ou aluguer, por cuestións académicas, naqueles casos de atletas que adestren con técnicos incluídos neste proxecto e que teñan unha proxección internacional. A FGA xa tivo a atletas becados, cando a economía o permitiu.

### **Competicións, captación de talentos e formación**

Independentemente das campañas específicas de captación de talentos, a análise dos resultados das diferentes fases de XOGADE, Liga Escolar Abanca, xunto aos Campionatos de Galicia e a intervención da Selección Galega, entre outras, supón un eficaz escaparate para complementar o dito proceso e proceder á valoración dos mesmos ou, en certos casos, a súa selección.

O éxito do rendemento futuro dos atletas a través das sesións de traballo, concentracións e xornadas de competición está moi condicionado pola propia formación dos adestradores. Nese proceso, a Escola Galega de Adestradores asume tamén un rol moi importante no desenvolvemento do PGTA.

## **2. Obxectivos do PGTA**

### **a) Obxectivo xeral**

- Facilitar os medios necesarios para a preparación técnica e apoio científico aos atletas galegos de maior talento deportivo.

### **b) En relación ós atletas**

*Obxectivos xerais a curto e medio prazo:*

- Detectar posibles talentos atléticos
- Mellorar o nivel técnico e físico dos atletas.
- Realizar un seguimento preciso da súa evolución.
- Acceder ás valoracións de probas médicas e psicolóxicas.
- Enriquecer a oferta de competicións

*Obxectivos específicos a corto e medio prazo:*

- Seguir contando con atletas con beca interna no CGTD de Pontevedra
- Elevar a media das marcas dos 10 primeiros/as do ránking das categorías que integran o PGTA.
- Aumentar o número de atletas galegos que participan nos campionatos de España.
- Aumentar o número de atletas galegos finalistas nos campionatos de España.
- Aumentar o número de atletas galegos medallistas nos campionatos de España.
- Aumentar o número de atletas galegos que participen cos selección española.

*Obxectivos a longo prazo:*

- Acadar un mínimo de tres representantes galegos nos Xogos Olímpicos no ano 2024 e catro atletas no 2028

#### **c) En relación ós adestradores**

- Potenciar a formación continua
- Propiciar mellores condicións de adestramento
- Dotarles de maiores medios tecnolóxicos
- Favorecer o traballo en equipo
- Aumentar o número de adestradores, en especial dos sectores máis deficitarios.

#### **d) En relación ós clubs**

- Favorecer o traballo en equipo
- Aumentar o número de practicantes atléticos
- Acadar un mínimo de 1 NUTA e NUBA no entorno de cada pista atlética galega
- Acadar un mínimo de 1 NUBA no 70% das comarcas galegas (medio prazo)

### **3.Categorías que integran o PGTA**

As idades dos atletas que formen parte do Plan Galego de Tecnificación durante a tempada 2021 transcorren dende a categoría Sub14 ou infantil ata a absoluta.

### **4. O persoal do PGTA**

A estrutura básica do PGTA fundaméntase na contribución dos clubs e dos adestradores galegos, nas súas tarefas cotiás cos atletas. Neste proxecto atópanse as seguintes persoas:

#### **O Director do PGTA**

Haberá un Director do Plan Galego de Tecnificación Atlética, función assumida polo Director Técnico da FGA, licenciado en Educación Física e apoiado polo Secretario Técnico. As funcións do Director do PGTA son as de:

- Dirixir o desenvolvemento xeral do PGTA.
- Facer propostas á Xunta Directiva sobre aspectos que melloren o PGTA.
- Coordinar o seguimento dos atletas incluídos no PGTA.

#### **O Coordinador do PGTA**

Terá a misión de facer de enlace entre a Dirección Técnica e cada un dos núcleos recoñecidos oficialmente por parte da Xunta Directiva da FGA. Tamén a labor de coordinar a realización da diferentes xornadas de tecnificación, así como de canalizar aos núcleos os informes aportados polos responsables técnicos das sesións do PGTA.

#### **O Comité Técnico da FGA**

Aparte destas figuras, os responsables do Comité Técnico da FGA asumirán, dentro do PGTA, as seguintes obligacións:

1. Establecer os obxectivos específicos do sector baixo a súa responsabilidade.
2. Confeccionar o calendario de concentracións do seu sector.
3. Propoñer á Dirección Técnica as datas e competicións que mellor se adapten

- ás necesidades do seu sector.
4. Coordinar e supervisar o desenvolvemento do traballo do seu sector.
  5. Determinar os criterios de selección dos atletas do PGTA.
  6. Avaliar e supervisar os avances dos atletas durante as concentracións programadas.
  7. Determinar os tests utilizados no proceso de captación de talentos ou seguimento dos atletas.

## **Os adestradores**

Son os responsables do desenvolvemento técnico e da condición física dos atletas, diferenciando:

1. Os adestradores persoais, que deberán solicitar á FGA o desejo de pertencer ao PGTA, sempre que cumpran as condicións mínimas exixidas, xa que a pertenza ao PGTA ten un carácter voluntario.
2. Os adestradores, directores das xornadas ou colaboradores técnicos.


### **O Director da Escola Galega de Adestradores**

Como parte fundamental do proceso de formación do colectivo de técnicos deportivos en atletismo, o Director da Escola Galega de Adestradores estará integrado no Plan Galego de Tecnificación Atlética (PGTA)

## **5. As estruturas funcionais do PGTA**

As estruturas funcionais que conforman o PGTA, dende os niveis mais xerais ata os más especializados son:

- Os Núcleos de Iniciación Básica (NUBA)
- Os Núcleos de Tecnificación Atlética (NUTA)
- Os Núcleos Sectoriais Especializados (NUSE)
- *Os Núcleos de Adestramento Deportivo Especializado (NADE), lexislados pola Xunta de Galicia,*
- *Os Centros de Alto Nivel, lexislados pola Xunta de Galicia*
- *Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra (CGTD), lexislado pola Xunta de Galicia.*



## 1. Os Núcleos de Iniciación Básica Atlética (NUBA)

Cada unha das sete cidades galegas con máis poboación ten, polo menos, unha pista de atletismo. Nos contornos destas instalacións existe unha actividade atlética asentada. Non obstante, hai aproximadamente uns 300 concellos (o 95% do total) que non dispoñen de pistas atléticas, pero en moitos deles teñen xurdido núcleos de atletismo impulsados polos clubs e adestradores.

Estes núcleos, situados xeralmente en eidos más rurais, adquieren un protagonismo moi relevante na promoción do atletismo. Habitualmente, a menor oferta deportiva nestas zonas, en relación ás cidades, propicia en xeral un maior compromiso do neno cara a práctica atlética. Entre os obxectivos da FGA e do PGTA inclúese a potenciación destes NÚCLEOS de atletismo, dentro dos recursos dispoñibles, integrados nunha alta porcentaxe por atletas na mocidade.

A Xunta Directiva da FGA recoñecerá oficialmente o carácter de Núcleo Básico Atlético (NUBA), tras a petición do club interesado, cando se cumplan as seguintes condicións:

1. Cubrir por parte do club/es e remitir á FGA o modelo oficial (ANEXO I).
2. O NUBA deberá contar cun mínimo de 20 atletas de calquera das categorías inferiores ata a Sub18, nos que polo menos 10 deles houberan participado nalgún Campionato de Galicia durante as dúas últimas tempadas, ata a data

de solicitude.

3. O NUBA deberá contar cun mínimo de tres técnicos (TD1 ou monitores nacionais, TD2 ou adestrador de club ou TD3 ou adestrador nacional ou licenciado en Educación Física). No caso de que a sede do club sexa nun concello de menos de 20.000 habitantes o mínimo será de 1 técnico. A efectos da consideración legal dun NUBA os técnicos só poderán pertencer a un núcleo.
4. Os/as adestradores/as deberán estar censados na FGA durante a tempada 2021.
5. Os NUBA desenvolverán unha actividade polifacética, insistindo nos fundamentos básicos do atletismo de iniciación.
6. O nome do NUBA corresponderá ca denominación oficial de club.
7. A petición de recoñecemento dos NUBA está aberta permanentemente, pero adquieren dereitos os núcleos con maior antigüidade, a efectos de ter que elixir criterios de prioridades de gastos,
8. O club que forme cada NUBA elixirá a un representante oficial ante a Xunta Directiva, Dirección Técnico e Coordinador do PGTA quen informará á FGA sobre o desenvolvemento do proceso, nos prazos e formas indicados.

Nunha mesma zona ou cidade poderán ser recoñecidos varios NUBA.

## **2. Os Núcleos de Tecnificación Atlética (NUTA)**

O recoñecemento dos NUTA será competencia exclusiva da Xunta Directiva da FGA, sendo as condicións mínimas solicitadas as seguintes:

1. Cubrir por parte do club/s e remitir á FGA o modelo oficial (ANEXO II).
2. O club deberá contar cun mínimo de 2 técnicos, sendo un deles Adestrador de Club (TD2) ou Nacional de Atletismo (TD•). No caso de que a sede do club sexa nun concello de menos de 20.000 habitantes o mínimo será de 1 técnico. A efectos da consideración legal dun NUTA os técnicos só poderán pertencer a un núcleo.
3. Os/as adestradores/as que formen parte do NUTA deberán estar censados na FGA durante a tempada 2021.
4. O NUTA deberá contar cun mínimo de 20 atletas de calquera das categorías inferiores ata a Sub18 que houberan participado nalgún Campionato de Galicia durante as dúas últimas tempadas, dos que un mínimo de 5 deles deberán estar incluídos oficialmente na lista do PGTA 2021, indicada neste documento.
5. Cada NUTA deberá estar situado no entorno dalgunha instalación atlética que permita desenvolver os adestramentos necesarios, cunha distancia inferior a 40 kms.
6. O nome do NUTA corresponderá ca denominación oficial de club.
7. A petición de recoñecemento dos NUTA está aberta permanentemente, pero adquieren dereitos os núcleos con maior antigüidade, a efectos de ter que elixir criterios de prioridades de gastos,
8. O club que forme cada NUTA elixirá a un representante oficial ante a Xunta Directiva, Dirección Técnico e Coordinador do PGTA quen informará á FGA sobre o desenvolvemento do proceso, nos prazos e formas indicados.

Nunha mesma zona ou cidade poderán ser recoñecidos varios NUTA.

### **3. Os Núcleos Sectoriais Especializados (NUSE)**

Aqueles adestradores galegos que non estean incluídos dentro dun NUBA ou NUTA, pero que desexen traballar na especialización atlética, poderán ser considerados directores dun Núcleo Sectorial Especializado NUSE, cando cumpran os seguintes requisitos:


1. Cubrir e enviar a FGA o modelo oficial (ANEXO III).
2. Posuér a titulación de TD2 ou adestrador de club ou TD3 ou adestrador nacional, cun mínimo de antigüidade de 4 anos.
3. Adestrar na actualidade a un mínimo de tres atletas incluídos na lista do PGTA indicada neste documento
4. Os atletas deberán acadar os méritos reflexados na lista no mesmo sector: velocidade-valados; medio fondo; fondo; saltos; lanzamentos; marcha atlética e probas combinadas. Nas probas técnicas, non será preciso que desenvolvan todas as disciplinas, sendo posible, por exemplo, o recoñecemento dun NUSE de pértiga ou martelo.
5. Estar censado na FGA durante a tempada 2021.
6. Remitir os informes á FGA sobre a evolución dos seus atletas, conforme ás normas e prazos que se marquen.
7. Cada NUSE deberá estar situado no entorno dalgúnha instalación atlética que permita desenvolver os adestramentos necesarios.

A FGA reservase o dereito de recoñecer un NUSE a quen, non cumplindo todas as condicións indicadas, posúa unha experiencia e traxectoria solventes que xustifiquen a designación.

Os/as adestradores responsables do NUSE non poderán integrarse oficialmente noutros núcleos, cara ao seu recoñecemento. As funcións e obligacións do adestrador son as seguintes:

1. Dirixir a preparación deportiva dos seus atletas.
2. Informar periodicamente, segundo a normativa prevista, sobre o desenvolvemento do proceso de adestramento á FGA.
3. Asistir ás concentracións previstas de seu sector.
4. Colaborar cos plans que se establezan na área do Comité Técnico da FGA.
5. Participar nas actividades previstas do PGTA a nivel de intercambios técnicos.
6. Propoñer a exclusión daqueles atletas que non se axusten ás normas de funcionamento do PGTA.
7. Propoñer ao Responsable de Sector da FGA a inclusión daqueles atletas, á marxe do proceso de selección establecido, que considere con proxección de futuro.

## Recintos atléticos en Galicia



1

## Recintos atléticos en Galicia



2

#### **4. Os Núcleos de Adestramento Deportivo Especializado (NADE)**

O recoñecemento dos NADE corresponderá á Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte. Segundo establece o Decreto de Alto Nivel “*O procedemento de admisión dos e das deportistas nos centros de alto nivel deportivo regulados neste decreto establecerase mediante resolución da persoa titular do órgano superior con competencias en materia de deporte da Administración xeral da Comunidade Autónoma*”

##### **Resumo da lexislación da Xunta de Galicia sobre os NADE:**

###### **Concepto**

1. *Son núcleos de adestramento deportivo especializados o conxunto de medios humanos e materiais xestionados por unha federación deportiva, club ou sociedade anónima deportiva inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia que teña por finalidade a preparación técnico-deportiva orientada ao alto nivel ou ao rendemento deportivo.*
2. *Esta cualificación, compatible con outras que poidan establecerse pola Administración xeral do Estado, será outorgada por resolución expresa do órgano competente en materia de deporte da Administración xeral da Comunidade Autónoma, tendo en conta o interese deportivo estratéxico para Galicia e consonte aos requisitos e procedemento establecidos nesta sección.*

###### **Requisitos.**

1. *Serán requisitos dos núcleos de adestramento deportivo especializado:*
  - a) *Ofrecer unha dispoñibilidade de espazos e instalacións axeitados ás necesidades da programación deportiva.*
  - b) *Contar cun equipo técnico cualificado. O adestrador responsable deberá ter o título de Graduado en Ciencias da actividade física e o deporte ou equivalente, ou título de Técnico deportivo superior ou Adestrador deportivo de nivel III na modalidade ou especialidade deportiva correspondente.*
  - c) *Dispore dun centro para levar a cabo o seguimento médico-deportivo.*
  - d) *Dispore dun proxecto de preparación técnico-deportiva orientada ao alto nivel para a súa modalidade deportiva, de acordo co interese estratéxico da propia Comunidade autónoma, encamiñado á participación dos deportistas galegos en Xogos Olímpicos ou Paralímpicos, campionatos do mundo, campionatos de Europa e outras competicións internacionais de máximo nivel.*
  - e) *Non estar cumprindo a entidade solicitante sanción disciplinaria deportiva firme de carácter grave ou moi grave, ou sanción administrativa firme en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.*
  - f) *Acreditar o nivel e requisitos deportivos que se requiran aos efectos deste recoñecemento polo órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, e cuxa resolución será obxecto de publicación no diario oficial de Galicia.*
2. *No caso de non reunir algúns dos requisitos mencionados, a Administración xeral da Comunidade Autónoma poderá igualmente conceder a cualificación, de forma motivada e sempre que se valore a súa idoneidade no interese deportivo estratéxico da Comunidade Autónoma.*

###### **Procedemento de recoñecemento.**

1. *Poderán iniciar o procedemento as entidades deportivas (federación deportiva,*

*club ou sociedade anónima deportiva inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia) dirixindo as súas solicitudes ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte. A presentación se realizará por medios electrónicos a través do formulario normalizado que se publique a estos efectos na sede electrónica da Xunta de Galicia, e implicará o sometemento ás normas reguladoras establecidas na correspondente resolución.*

*2. A solicitude irá acompañada da documentación que se determine na correspondente convocatoria que en todo caso e con carácter mínimo irá orientada a acreditar os requisitos indicados.*

*3. A instrución e resolución do procedemento axustarase ao establecido nos artigos 7 e 8 do presente Decreto DGAN (pendente de publicación)*

#### **Período de vixencia e renovación do recoñecemento**

*1. O período de vixencia do recoñecemento será de ata 4 anos dende a data da resolución polo órgano superior competente en materia deportiva.*

*2. Poderase solicitar a renovación do recoñecemento, durante o derradeiro ano de vixencia do recoñecemento, seguindo na súa integridade o procedemento establecido para o mesmo.*

#### **Perda do recoñecemento**

*1. A perda do recoñecemento producirase nos seguintes supostos:*

- a. Polo remate do período de tempo polo que foi recoñecido.*
- b. Por deixar de cumplir algún dos requisitos establecidos para o seu recoñecemento*
- c. Por infracción disciplinaria deportiva o administrativa de carácter grave o moi grave da entidade titular do núcleo.*
- d. Por non cumplir coas obrigas establecidas neste decreto.*
- e. Por renuncia expresa do interesado.*

*2. Os órganos disciplinarios deportivos das federacións deportivas galegas e, no seu caso, o Comité Galego de Xustiza Deportiva deberán comunicar ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, respectivamente, as sancións firmes en materia disciplinaria deportiva e o as sancións firmes en materia administrativo deportiva impostas.*

#### **Obrigas dos núcleos de adestramento deportivo especializado**

*1. Os núcleos de adestramento deportivo especializado recoñecidos ao abeiro deste decreto deberán:*

- a. Facilitar a participación dos seus deportistas coas seleccións deportivas galegas cando sexan seleccionados.*
- b. Participar nos campionatos galegos da súa especialidade deportiva, salvo coincidencia de datas con campionatos oficiais estatais e internacionais ou interfira coa súa preparación para os mesmos.*
- c. Participar nas actividades de promoción do deporte que organice a Administración autonómica, sempre que non interfira na súa actividade deportiva.*
- d. Publicitar, no desenvolvemento da súa actividade deportiva, a condición de núcleo galego de adestramento deportivo especializado.*
- e. Informar ao órgano superior competente en materia de deporte da Administración xeral da Comunidade Autónoma das súas actividades e resultados deportivos.*
- f. Coidar que os procesos de adestramento promovan hábitos de*

*compañerismo, igualdade, tolerancia, xogo limpo, respecto ás normas, ao adversario e á diversidade.*

- g. *Dispoñer dun regulamento de réxime interno que deberá regular polo menos os seguintes aspectos: obxectivos, estrutura, competencia e funcións dos profesionais, sistema de selección dos deportistas, e dereitos e deberes destes, réxime disciplinario, e sistema de financiamento.*

### **Beneficios da condición de núcleos de adestramento deportivo especializado**

1. A Administración autonómica poderá establecer axudas que incentiven a actividade dos núcleos de adestramento deportivo especializado. Para tal fin poderanse subscibir os oportunos convenios de colaboración e acordos con institucións públicas ou privadas.
2. *Salvo que expresamente se estableza o contrario, estas axudas serán compatibles con outras, públicas ou privadas, para a mesma ou similar finalidade que poida recibir o titular do núcleo.*
3. *Os núcleos que reciban estas axudas deberán facer constar, xunto ao seu nome, os sinais identificativos da Administración Autonómica.*

*As condicións que regularán os mesmos será competencia da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e se publicará proximamente.*

## **5. Os Centros de Alto Nivel (CAN)**

O recoñecemento dos CAN corresponderá á Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte. Segundo establece o Decreto de Alto Nivel “*Conforme o artigo 5.1.q) da Lei 3/2012, do 2 de abril, non poderá utilizar a denominación de centro de alto nivel deportivo nin de núcleo de adestramento deportivo especializado ningún centro que non tivese sido recoñecido como tal de acordo co disposto no decreto”*

### **Resumo da lexislación da Xunta de Galicia sobre os NADE:**

#### **Concepto**

1. *Son centros de alto nivel as instalacións deportivas de titularidade autonómica adscritas ao órgano superior competente na materia deportiva que teñan por finalidade a preparación técnico deportiva orientada á mais alta esixencia competitiva.*
2. *Esta cualificación, que é compatible con outras que poidan establecerse pola Administración xeral do Estado, será outorgada por resolución expresa do órgano competente en materia de deporte da Administración xeral da Comunidade Autónoma, tendo en conta o interese deportivo estratéxico para Galicia e consonte aos requisitos establecidos nesta sección.*
3. *O procedemento de admisión dos deportistas nos centros de alto nivel regulados neste decreto establecerase por resolución da Administración deportiva autonómica.*

#### **Requisitos**

1. *Son requisitos de carácter xeral para ser cualificado como centro de alto nivel:*
  - a) *Contar con espazos, instalacións, equipamentos e medios técnicos axeitados ás necesidades da programación deportiva, así como con espazos habilitados para a xestión administrativa e para o estudo e a convivencia dos usuarios.*
  - b) *Existencia dunha residencia para o aloxamento e manutención dos usuarios.*
  - c) *Estar adscrito a un centro educativo, e contar cun servizo de titorías para o*

*apoio aos estudo dos deportistas.*

- d) *Contar cun centro de medicina coas funcións de previr e curar lesións e enfermidades, de realización de probas fisiolóxicas de esforzo, así de readaptación funcional para a práctica deportiva.*
- e) *Grupos de adestramento de alto nivel, no que o adestrador responsable deberá ter o título de Graduado en Ciencias da actividade física e o deporte ou equivalente, ou título de Técnico deportivo superior ou Adestrador deportivo de nivel III na modalidade ou especialidade deportiva correspondente.*

2. *No caso de non reunir algúns dos requisitos mencionados, a Administración xeral da Comunidade Autónoma poderá igualmente conceder a cualificación, de forma motivada e sempre que se valore a idoneidade do centro no interese deportivo estratéxico da Comunidade Autónoma.*

## **6. O Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra (CGTD)**

O deporte galego ten no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) a instalación de referencia, unha excelencia que contempla tamén a formación académica dos deportistas coa finalidade de conseguir a súa formación integral. Este centro naceu no curso 1987-88 aproveitando as instalacións do Estadio da Xuventude e a residencia de estudiantes Atlántico da cidade de Pontevedra. Co paso do tempo, foise transformando nun moderno complexo deportivo no que se formaron os mellores deportistas de Galicia e, na actualidade, dálles cabida aos principais promeses e figuras do deporte galego.

O Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra representa un dos piares básicos de PGTA. Algúns dos atletas que integran o PGTA no ano 2021 beneficiáñse das vantaxes que ofrece o centro, facilitando á formación integral dos xoves deportistas galegos con potencial para a práctica do deporte de alto nivel, poñendo á súa disposición os medios necesarios para que poidan desenvolver a súa preparación conforme a criterios científicos, e facilitando ao mesmo tempo a súa integración no sistema educativo e no seu entorno social.



Este centro ten a posibilidade de acoller atletas internos e externos de contrastada categoría, en especial naqueles casos que sufren problemas, tanto de atención técnica como de instalacións nos seus lugares habituais de residencia. As condicións e requisitos de acceso ó Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra márcas a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, sendo a FGA responsable de facer a proposta dos deportistas internos e externos.

Neste sentido, o Centro Galego de Tecnificación representa un valioso instrumento para a Federación Galega de Atletismo, de cara á respaldar o atletismo nas idades aceptadas no centro e potenciar a atención aos atletas galegos que amosen a suficiente excelencia deportiva como para permitírlles alcanzar nun futuro cotas de máximo rendemento deportivo.

A persoa responsable designada pola FGA do Programa de Atletismo no CGTD de Pontevedra e o Adestrador Nacional de Atletismo, Frank Casañas.

Os atletas bolseiros no CGTD de Pontevedra, internos ou externos, deberán permanecer no club que tiña no momento da petición, non podendo fichar por outra entidade durante o período de desfrute da bolsa, salvo autorización expresa do seu club de orixe

## **6. Criterios de selección dos atletas incluídos no PGTA**

### **Por resultados deportivos a nivel nacional**

1. Medalla nos Campionatos de España de Pista Cuberta: Sub16, Sub18, Sub20, Sub23 e Absoluto durante a tempada 2018/2019 ata a 2021 incluída.
2. Clasificarse entre os 8 primeiros do Campionato de España de Cross de Seleccións Autonómicas das categorías Sub16, Sub18, Sub20, Sub23 e Absoluto.
3. Clasificarse entre os 3 primeiros do Campionato de España de Clubs de Cross das categorías Sub16, Sub18, Sub20 e Sub23 e Absoluto
4. Medalla no Campionato de España de Pista ao Aire Libre: Sub14, Sub16, Sub18, Sub20, Sub23 e Absoluto
5. Medalla individual no Campionato de España de Seleccións Autonómicas de Pista ao Aire Libre: Sub16 e Sub18 e de Federacións Absolutas.
6. Medalla no Campionato de España de Marcha de Inverno en Pista de promoción.
7. Medalla individual no Campionato de España de Marcha en Ruta por seleccións Sub16 e Sub20/18.
8. Medalla individual nos Campionato de España de Federacións de Probas Combinadas.
9. Medalla no Campionato de España de Inverno de Lanzamentos Longos.
10. Situarse entre os tres primeiros do ránking de España de Pista Cuberta: Sub16, Sub18, Sub20, Sub23 e Absoluto.
11. Situarse entre os 5 primeiros en carreiras e 8 primeiros en concursos do ránking de España de Aire Libre: Sub16, Sub18, Sub20, Sub23 e Absoluto. Na marcha só se terán en conta as distancias nas que se disputa o Campionato de España.
12. Situarse entre os tres primeiros do ránking de Aire Libre da RFEA da categoría Sub14, soamente os atletas de segundo ano. Nas probas de marcha soamente se terá en conta a distancia de 3 km desta categoría.

### **Por resultados deportivos a nivel galego**

1. Medalla en calquera dos Campionatos de Galicia Individuais das tempadas 2020 ou 2021 das categorías Sub14, Sub16, Sub18, Sub23 e Absoluta.
2. Estar situados entre as tres primeiras posicións do Ránking de Galicia Sub14, Sub16, Sub18, Sub20, Sub23 e Absoluto durante a tempada 2020 ou 2021 tanto de Aire Libre como de Pista Cuberta

### **Por decisión do Comité Técnico da FGA a través do Responsable de sector**

Os Responsables de sectores posúen capacidade para incluír a atletas que, non reunindo os requisitos anteriormente indicados, consideren necesario facer un seguimento dos mesmos

## **7. Actividades asociadas ao PGTA**

### **1. Os adestramentos cotiáns**

O traballo diario no seo dos clubs ou núcleos desenvoltos polos adestradores incluídos no PGTA conformará a parte máis importante do proxecto. A FGA recoñece

a autonomía dos adestradores para dirixir e desenvolver a preparación deportiva dos seus atletas. En calquera caso, o recoñecemento oficial por parte da FGA do carácter de NUBA, NUTA ou NUSE levará asociado o dereito do club e/ou adestradora a solicitar a presenza regular doutros técnicos especialistas incluídos no PGTA para favorecer o deseño e desenvolvemento da planificación deportiva dos seus atletas.

## 2. As xornadas técnicas

A FGA programará xornadas técnicas para os atletas que formen parte do PGTA durante a tempada 2021. Os responsables de cada sector da FGA establecerán as datas das mesmas. Os atletas poderán asistir acompañados polos seus adestradores persoais. Establécense os seguintes tipos de concentracións:

- Zonais, nas que se dirixe un ou varios adestradores a un NUTA ou NUBA atendendo ás necesidades técnicas dos atletas do entorno xeográfico. Deberá ser solicitada polo/a presidente/a do club responsable do NUTA ou NUBA
- Sectoriais, no caso dos NUSA, nos que se desprazan os atletas especialistas nunha determinada disciplina, acompañados polos seus adestradores, a un punto concreto para desenvolver as sesións de adestramento ca supervisión dos adestradores seleccionados.

Dentro deste apartado se inclúe o programa PERTEGAL co obxectivo de facilitar o aprendizaxe deste disciplina aqueles atletas de clubs galegos que non posúan especialistas ou teñen carencias de medios, material incluído.



## Plan Galego de Tecnificación 2021 Programa pértegal



Antonio Fernández Costas  
Adestrador Nacional



Santiago Ferrer Alonso  
Adestrador Nacional



- **Obxectivo:** Aprendizaxe dos fundamentos técnicos básicos do salto con pértiga.
- **Profesores/Adestradores:** Antonio Fernández Costas e Santiago Ferrer Alonso
- **Dirixido a:** Todos os clubes galegos, priorizando aos Núcleos Básicos (NUBAs) e Núcleos de Tecnificación (NUTAs), sempre que teñan carencias de persoal técnico especializado
- **Datas e horarios:** A partires do mes de setembro de 2021. Horario a concretar entre o núcleo interesado e o adestrador responsable
- **Duración:** Xornada de ata 4 horas, podendo dividirse en dúas quendas de 2 horas
- **Grupos:** 10 atletas das categorías Sub12 en adiante. Dentro do posible, grupos homoxéneos en canto a súa familiarización coa disciplina.
- **Adestradores:** Poderán asistir todos os adestradores interesados que pertenezan á mesma zona ou núcleo onde se leva a cabo a actividade.
- **Peticóns á FGA por parte do Núcleo/Club:** Cunha antelación mínima de 15 días sobre a data de celebración para a solicitude.
- **Cuestións a indicar na solicitude:** Dispoñibilidade de colchón de pértiga. Indicar o mes do ano no que estarían interesados en realizar a actividade.
- **Material:** A FGA transportará as pértegas ata o lugar onde se desenvolva a actividade.
- **Lugar:** A FGA se reserva a posibilidade de fixar o lugar de cada sesión, co obxecto de optimizar o proceso de aprendizaxe.

## 3. O seguimento médico

A importancia do control médico, non só ao inicio da práctica deportiva senón durante o desenvolvemento da mesma, está amplamente constatado a nivel científico e por multitud de disposicións legais.

Por iso, a Federación Galega de Atletismo inclúe este apartado no Plan Galego de Tecnificación Atlética, consciente da súa relevancia. O número de atletas máximos que poderán facer o recoñecemento médico estará supeditado á dispoñibilidade orzamentaria do PGTA. Tipos:

### **Recoñecemento médico básico**

Consiste nos seguintes apartados:

- Valoración do estado cardiovascular
- Valoración do estado respiratorio
- Valoración do estado locomotor
- Valoración neurolóxica
- Estudo estático do apoio plantar
- Antropometría (peso, talla, % graso)
- Espirometría
- Electrocardiograma en reposo.

### **Recoñecemento médico avanzado**

O seguinte grao de valoración inclúe as seguintes probas:

- Consulta médica
- Analítica sanguínea
- Estudo de composición corporal
- Espirometría
- Proba de esforzo, con todos os parámetros.



## **4. O seguimento psicológico**

A importancia dos factores psicológicos no rendemento deportivo e más concretamente no rendemento atlético está amplamente constatado non só na literatura científica senón tamén na propia experiencia diaria de atletas e adestradores. Así, con frecuencia é xustificado un mal resultado nunha competición aludindo a “un alto grao de ansiedade”, “pouca confianza” ou “baixa motivación”. É por iso que o adestramento físico e técnico debe completarse co traballo psicológico. E da mesma forma que no caso do seguimento médico, o traballo psicológico debe levarse a cabo durante toda a tempada e non limitarse a casos nos que os atletas presentan dificultades en momentos puntuais. Por iso, o Departamento de Atención Psicológica da FGA, dirixido pola **Doutora Dolores González**, realizará ós atletas integrantes do PGTA unha valoración e seguimento do seu perfil psicológico que inclúe:

- Avaliación das principais habilidades psicológicas (control da ansiedade, motivación e autoconfianza)
- Asesoramento e intervención psicológica directa ós atletas
- Asesoramento psicológico indirecta ós atletas a través dos seus adestradores
- Asesoramento ós pais dos atletas en relación á práctica deportiva dos seus fillos
- Orientación e asesoramento académico-vocacional

A valoración e seguimento psicológico realizarase a partir de instrumentos

específicos de Psicoloxía do Deporte e adaptados ó perfil dos atletas do PGTA e, na medida do posible, nos propios lugares de adestramento e sempre e cando o/a adestrador/a do/ atleta/s solicite á FGA dito servizo.

## 5. A formación dos adestradores

Unha das funcións que debe desenvolver a Federación Galega de Atletismo, segundo os seus Estatutos e a propia Lei Xeral do Deporte de Galicia (2012) é a de *"Colaborar coa Administración autonómica e cooperar coas correspondentes Federacións Deportivas Españolas, no seu caso, coa formación de técnicos deportivos da súa especialidade"*.

A creación da Escola Galega de Adestradores de Atletismo (EGA) supón un piar básico do Plan Galego de Tecnificación Atlética na súa faceta de formación dos adestradores galegos. Entre os seus obxectivos prioritarios, á FGA está traballando para ser recoñecido como Centro de Formación de Técnicos Deportivos en Atletismo durante o ano 2021 e poder organizar, a partir do curso 2021/2022:

- O cursos de Técnicos Deportivos 1 (TD1) ou Monitores Nacionais.
- Os cursos de Técnicos Deportivos 2 (TD2) ou adestrador de Club.
- Os cursos de Técnicos Deportivos 3 (TD3) ou adestrador nacional

Asemade, inclúense as seguintes actividades para os adestradores que formen parte do PGTA en calquera dos NUBA, NUTA ou NUSA.

- **Intercambios técnicos:** A desenvolver entre adestradores galegos e programados polos responsables de sectores da FGA. Consistirá en xuntanzas de media xornada ou dúas sesións, nas que se abordarán sobre aspectos moi precisos de planificación deportiva.
- **Visitas de técnicos estatais ou internacionais.** Outra liña de actuación do PGTA consistirá en invitar a Galicia a adestradores prestixiosos de nivel estatal ou internacional co fin de que poidan beneficiarse os técnicos galegos e reforzar a súa formación. Deberá ser
- **Axudas aos técnicos galegos para asistir a sesións de formación teórico-práctica,** xa sexa en Galicia ou fora de Galicia, tanto para participar en congresos ou estancias con grupos de adestramentos.

## 6. Axudas aos atletas para costear residencias ou manutención

Actuación prevista para a tempada 2022. A Federación Galega de Atletismo destinará unha partida orzamentaria do PGTA para axudar os atletas a costear residencias ou manutención para que poidan adestrar con técnicos especialistas. Terán prioridade:

- Os/as atletas máis novos/as, de maior nivel deportivo do PGTA.
- Os/as atletas con maiores posibilidades de proxección internacional
- Os/as atletas fichados en clubs galegos
- Os/as atletas procedentes de entornos con carencias de técnicos e instalacións.
- Os/as atletas cun menor poder adquisitivo familiar

## **7. Posta a disposición dos núcleos tecnoloxía para o control do adestramento**

O Plan Galego de Tecnificación Atlética inclúe a compra de material tecnolóxico que facilite aos adestradores o control e a evolución de parámetros asociados ao adestramento deportivo, que porá a disposición dos núcleos mediante un procedemento de

## **8. A permanente detección e captación de talentos atléticos**

Aqueles NUBA ou NUTA que desexen realizar unha prospección de atletas con talento, deberán indicalo ao Coordinador do PGTA para que poidan dispoñer das ferramentas tecnolóxicas da FGA.

Co obxecto de definir os criterios para toda a xeografía galega e regular este proceso, establécense as seguintes directrices.

- 1. Lugares.** A campaña realizarase nos centros públicos e privados da comarca na que se sitúa o NUTA ou NUBA.
- 2. Avaliadores.** O/s clube/s responsable/s do NUTA ou NUBA designará as persoas que realicen a prospección e comunicarao á FGA, podendo ser adestradores, xuíces, estudantes de Educación Física ou persoas de máis de 18 anos.
- 3. Protocolo.** Unha vez coñecidas os nomes de todas elas, realizarase unha xornada de traballo para explicar e clarificar o protocolo que se aplicará en cada test. Asemade, efectuarase a especialización de funcións de cada membro, seguindo criterios como: habilidades e seguridade mostrada, experiencias previas, apetencias persoais, etc
- 4. Recollida de datos.** Farase nos colexios galegos públicos ou privados a nenos/as con idades de 11 a 16 anos, utilizando as propias instalacións dos centros ou recintos atléticos próximas. Cubriranse os ítems definidos na ficha de campo indicada neste documento. A información recollida agrúpase en torno a:



- 5. Remisión.** Unha vez recollidos os datos na ficha indicada neste documento, serán entregadas ao Coordinador do PGTA para que o responsable informático introduza os datos nas fichas individuais para a súa valoración.
- 6. Selección.** Por último procederase á análise dos datos e selección dos atletas a través dos clubs. Os resultados estatísticos serán comparados con poboacións atléticas con talento contrastado a nivel nacional e internacional para situar as posibilidades de futuro. Iso permitirá establecer unha primeira selección, se ben deberán ser analizados de xeito máis rigoroso outras variables, como por exemplo a evolución do atleta, o seu nivel de asimilación do adestramento, durante as seguintes semanas, para diagnosticar cunha maior precisión ao seu grao de talento. Nalgúns casos poderán ser integrados directamente ao PGTA.

Nº DE REXISTRO:

N.U.T.A.

N.U.B.A.

DATOS RECOLLIDOS O DÍA ..... do ..... de 2021. CONCELLO DE.....

NOME DO COLEXIO / CENTRO .....

APELIDOS:

NOME:

DATA NACEMENTO:

/ / 19.....

LUGAR NACEMENTO:

ENDEREZO:

Nº:

PISO:

LOCALIDADE:

TELEFONO:

ESTATURA: ... ..... (m) PESO: ..... (kg) ESTATATURA Pai ..... (m) ESTAT. Nai..... (m)

¿Realizas algún deporte de competición?. En caso positivo, citar cál.

¿Gustaríache practicar atletismo de competición?

En caso afirmativo ¿en que especialidade atlética?

¿Crees que os teus pais aporíanse a que practicas o atletismo?

#### ORDEN DE APLICACIÓN E RESULTADOS DOS TESTS

TEST 1º



1º:

2º:


TEST 2º



1º:

2º:

TEST 3º



1º:

2º:

TEST 4º

20 mts.



1º:

TEST 5º

20 mts lanzado






1º:

1º:

Federación Galega de Atletismo, 2021.

## PROTOCOLO DOS TESTS

<b>TEST 1º: SALTO A PES XUNTOS</b>  <p>Con flexión libre e extensión de pernas, cuantificando dende a punta dos pes (saída) ata os talóns (caída). 2 intentos. <i>(En metros e cms).</i></p>	<b>TEST 2º: LANZAMENTO FRONTAL</b>  <p>Cun balón medicinal de 4 kgs, dende unha posición estática, cas pernas separadas á mesma altura ou unha adiantada. Permitírese salto final. <i>(En metros e cms).</i></p>	<b>TEST 3º: LANZAMENTO CARA ATRAS</b>  <p>Cun balón medicinal de 4 kgs, dende unha posición estática, cas pernas separadas a mesma altura. Se permitirase salto final. <i>(En metros e cms).</i></p>
<b>TEST 4º: CARREIRA DE 20 m. DENDE PARADO</b>  <p>Con saída de pe; pernas abertas e semi-flexinadas. Iníciase a toma de tempos con cronometraxe manual ao movemento. 1 intento. <i>(En segundos, décimas e centésimas)</i></p>	<b>TEST 5º: CARRERA DE 20 m. LANZADO, ( 15 m. PREVIOS)</b>  <p>Cronometraranse os últimos 20 metros a velocidade máxima, tras un tramo de 15 metros de aceleración. 1 intento. <i>(En segundos, décimas e centésimas)</i></p>	

Federación Galega de Atletismo, 2021

## **8.Beneficios para os estamentos integrantes do PGTA**

O recoñecemento oficial por parte da Xunta Directiva da FGA do carácter de NUBA, NUTA ou NUSE, dentro do Plan Galego de Tecnificación Atlética 2021 levará consigo vantaxes, tanto para o atletas, adestradores e clubs.

A Federación Galega de Atletismo programará actividades, dentro dos orzamentos aprobados para este programa, que dinamicen e incentiven aos núcleos do PGTA (NUBA, NUTA e NUSE). Será a Xunta Directiva a que, á proposta da Dirección Técnica da FGA, aproba as mesmas. Entre elas:

- Celebración de xornadas técnicas prácticas dirixidas por adestradores do PGTA ou Responsables da FGA.
- Celebración de xornadas de formación dirixidas ao colectivo de adestradores/as con licencia en vigor pola FGA
- Abono, porcentual ou total, de recoñecementos médicos a atletas do PGTA, dentro dos límites orzamentarios.
- Acceso aos técnicos deportivos á plataforma Biblioteca Dixital sobre adestramento atlético, en funcionamento a partir de xaneiro do 2022.
- Abono porcentual para afrontar pagos para residencias aos atletas pertencentes ao PGTA, conforme aos criterios aplicados (2022)
- Seguimento e valoración psicolóxica aos atletas do PGTA, sempre e cando solicitenEdito servizo
- Axudas económicas en material deportivo para os núcleos recoñecidos oficialmente
- Facilitar a tecnoloxía que posúe á FGA aos núcleos recoñecidos oficialmente
- Axudas aos adestradores para participar en congresos ou visitas a grupos de adestramento

## **9. Baixas do Plan Galego de Tecnificación**

As posibles causas que poidan provocar que un atleta, adestrador ou club sexa excluído do programa son as seguintes:

### **1. Respecto aos atletas**

- Non renovar a súa licenza pola FGA
- Non acudir calquera atleta á convocatoria da Selección Galega, sen causa de índole maior
- Non participar nos Campionatos Galegos por parte dos atletas do PGTA, sen causa de índole maior

## **10. Atletas Galegos de Alto Nivel**

Aqueles/a atletas galegos de Alto Nivel que, ben por non formar parte dun NASA recoñecido oficialmente ou ben por residir fora da Comunidad de Galicia, poderán acollerse ao presente Plan Galego de Tecnificación e solicitar á FGA:

- Axudas para recoñecementos ou seguimento médico
- Axudas para compra de material deportivo
- Axudas para concentracións deportivas
- Axudas de viaxes para asistencia a competicións non subvencionables
- Axudas de residencias e alimentación
- Calquera outro aspecto que implique unha mellora das condicións de adestramento e competición

As axudas concedidas, compatibles coas aportadas pola Fundación Deporte Galego da Xunta de Galicia, serán adaptadas á partida orzamentaria do Plan Galego de Tecnificación e satisfeitas a finais da tempada 2021

## **11. Criterios de calidade**

Establécense os seguintes criterios de calidade para establecer o grao de funcionamento do NUBA, NUTA ou NUSE do PGTA:


- Número de adestradores dos que dispón cada NUTA e NUBA, en especial o ratio adestrador-atletas.
- Número de atletas que realizaron o recoñecemento médico.
- Contribución de atletas ás seleccións galegas e nacionais.
- Cantidadade de atletas do PGTA que participan nos campionatos galegos
- Cantidadade de atletas do PGTA que participan nos campionatos de España
- Cantidadade de mozos que foron obxecto de prospección de talentos por parte dos NUBA ou NUBA
  - Grao de cumprimento dos informes a remitir á FGA.
  - Número de probas organizadas por cada NUTA ou NUBA
  - Calidade da organización das probas de competición.
  - Número de asistencias dos adestradores do Núcleo a:
    - Intercambios técnicos
    - Cursos de formación
    - Xuntanzas técnicas

## **12.Cronoloxía de actividades previstas**

O número total de actividades do PGTA dependerá da disponibilidade orzamentaria da FGA. A Comisión Delegada, a proposta da Xunta Directiva da FGA, terá capacidade para aprobar as modificacións orzamentarias resoltas pola Asemblea Xeral dos orzamentos do 2021.

<b>Actividades Post COVID-19:</b>	<b>Inicio</b>
Concentracións sectoriais do PGTA	2021
Concentracións zonais do PGTA	2021
Tecnoloxías de control do adestramento	2021
Axudas de material deportivo para os núcleos	2021
Axudas para os recoñecementos médicos	2021
Congreso Anual de Adestradores	2022
Axudas aos atletas para concentracións	2022
Axudas de residencias atletas	2022
Axudas aos adestradores para concentracións nacionais	2022

### 13. Resumo esquemático



**ANEXO I. RECOÑECIMENTO DE NUCLEO DE INICIACIÓN BÁSICA  
ATLÉTICA (NUBA)**

A/O Presidente/a do club: \_\_\_\_\_  
A/O Presidente/a do club: \_\_\_\_\_

pertenecentes á Delegación da FGA en: \_\_\_\_\_, cumplindo e aceptando as esixencias e condicións indicadas no PGTA 2021,

**SOLICITA/N Á XUNTA DIRECTIVA DA FGA:**

O recoñecemento de **Núcleo de Iniciación Básica Atlética (NUBA)** durante a tempada 2021. A relación de adestradores e atletas é a seguinte:

Adestrador/a (Con licenza na actualidade pola FGA)	Titulación: Monitor (TD1); Adestrador de Club (TD2) ou Adestrador Nacional (TD3)
1.	
2.	
3.	
Atleta	Campionato galego no que participou e data
1.	
2.	
3.	
4.	
5.	
6.	
7.	
8.	
9.	
10.	
11.	
12.	
13.	
14.	
15.	
16.	
17.	
18.	
19.	
20.	

Representante técnico ante a Xunta Directiva da FGA:

Asdo: Os/As presidentes/as

Data: \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

## **ANEXO II. RECOÑECEMENTO DE NUCLEO DE TECNIFICACIÓN (NUTA)**

A/O Presidente/a do club: \_\_\_\_\_  
A/O Presidente/a do club: \_\_\_\_\_

pertenecentes á Delegación da FGA en: \_\_\_\_\_, cumplindo e aceptando as esixencias e condicións indicadas no PGTA 2021,

**SOLICITA/N Á XUNTA DIRECTIVA DA FGA:**

O recoñecemento de **Núcleo de Tecnificación Atlética (NUTA)** durante a tempada 2021. A relación de adestradores e atletas é a seguinte:

<b>Adestrador/a</b>	<b>Titulación</b>
1.	Adestrador de Club ou Nacional
2.	
<b>Atleta</b>	<b>Club</b>
1.	Cumple requisitos (5)
2.	Cumple requisitos (5)
3.	Cumple requisitos (5)
4.	Cumple requisitos (5)
5.	Cumple requisitos (5)
6.	
7.	
8.	
9.	
10.	
11.	
12.	
13.	
14.	
15.	
16.	
17.	
18.	
19.	
20.	

Representante técnico ante a Xunta Directiva da FGA:

Asdo: Os/As presidentes

Data: \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

### **ANEXO III. RECOÑECEMENTO DE NUCLEO SECTORIAL ESPECIALIZADO (NUSE)**

A/O Adestrador/a: \_\_\_\_\_  
pertencente á Delegación da FGA en: \_\_\_\_\_, cuxa  
titulación e a de \_\_\_\_\_,  
cumprindo e aceptando as esixencias e condicións indicadas no PGTA

#### **SOLICITA/N Á XUNTA DIRECTIVA DA FGA:**

O recoñecemento de **Núcleo Sectorial Especializado (NUSE)** durante a tempada 2021. A relación de atletas do mesmo sector que cumplen as condicións mínimas son:

Atleta	Mérito
1.	Cumple requisitos (5)
2.	Cumple requisitos (5)
3.	Cumple requisitos (5)
4.	
5.	
6.	
7.	
8.	
9.	

Asdo: O/A adestrador/a

Data: \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_o de 2021

**ANEXO IV. MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS ECONÓMICAS**  
**(NUBA E NUTA)**

A/O Presidente/a do club: \_\_\_\_\_

pertenecentes á Delegación da FGA en: \_\_\_\_\_, recoñecido oficialmente pola Xunta Directiva da FGA e cumprindo as esixencias e condicións indicadas no PGTA 2021,

**SOLICITA/N Á XUNTA DIRECTIVA DA FGA:**

Axudas económicas para o **Núcleo \_\_\_\_\_ (NUBA ou NUTA)** conforme as actividades desenvoltas durante a tempada 2021, indicadas no resumo, en consonancia co Plan Galego de Tecnificación Atlética.

**RESUMO DAS ACTIVIDADES DESENVOLTAS (Detalle as mesmas)**

Asdo: Os/As presidentes

Data: \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

## **ANEXO V. MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS ECONÓMICAS**

### **(NUSA)**

A/O Adestrador/a do NUSA: \_\_\_\_\_

pertenecentes á Delegación da FGA en: \_\_\_\_\_, recoñecido oficialmente pola Xunta Directiva da FGA e cumprindo as esixencias e condicións indicadas no PGTA 2021,

#### **SOLICITA/N Á XUNTA DIRECTIVA DA FGA:**

Axudas económicas para o **NUSA** conforme as actividades desenvoltas durante a tempada 2021, indicadas no resumo, en consonancia co Plan Galego de Tecnificación Atlética.

<b>RESUMO DAS ACTIVIDADES DESENVOLTAS (Detalle as mesmas)</b>

Asdo: Os/As presidentes

Data: \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

## **ANEXO VI. MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS GALEGOS DE ALTO NIVEL (DGAN)**

A/O Atleta/a: \_\_\_\_\_ con licenza pola FGA durante a tempada 2021, recoñecido na actualidade como Deportista Galego de Alto Nivel (DGAN) e fichado polo club: \_\_\_\_\_, aceptando as esixencias e condicións indicadas no presente PGTA 2021

### **SOLICITA:**

Axuda/a orzamentaria dirixida a facilitar as condicións de adestramento e competición polos seguinte/s concepto/s:

<b>CONCEPTO</b>	<b>Cantidadade solicitada</b>
<b>TOTAL:</b>	

A FGA reservase a posibilidade de solicitar documentación complementaria sobre os conceptos da/s axuda/s solicitada/s.

O/A atleta:

Data: \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_o de 2021